



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

SECCIÓN ACTAS

Anuncio

Resolucións da Presidencia de datas 29 de xuño e 1 de xullo de dous mil once, das que se deu conta ao Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día sete de xullo de dous mil once, sobre nomeamento de Vicepresidentes, membros da Xunta de GOberno e Deputados Delegados, e que textualmente din o seguinte:

“En virtude das facultades que me confire o art. 55 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación cos arts. 35.4 e 34.3, ambos da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e art. 104.2 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:

Nome ar **Vicepresidentes** da Excma. Deputación, aos Sres. Deputados seguintes:

- D. Antonio Veiga Outeiro
- D^a. Lara Méndez López

Os Vicepresidentes substituirán ao Presidente en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde, por orde de nomeamento.

O presente Decreto terá aplicación desde o día da data, sen prexuício de dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación e da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

“En virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:

Nomear membros da **Xunta de Goberno**, ós seguintes Deputados Provinciais:

- D. Antonio Veiga Outeiro
- D^a. Lara Méndez López
- D. Juan José Díaz Valiño
- D^a. María del Pilar García Porto
- D. Miguel Angel Sotuela Vega
- D. Manuel Martínez Núñez
- D^a. Regina Polín Rodríguez
- D. Mario Outeiro Iglesias

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**:

Primero.- Conferir **delegación** para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

- **EMPREGO, ECONOMIA SOSTIBLE E DEMOGRAFIA.**- D^a. Lara Méndez López.
 - **Medio Ambiente e Enerxías Renovables.**- D^a. Sonsoles López Izquierdo.
 - **Economía do coñecemento, emprendedores e innovación.**- D. José Ramón Val Alonso.
 - **Economía Rural e do Mar.**- D. José Fernández Fernández.
- **COOPERACION E ASISTENCIA ÓS CONCELLOS.**- D. Juan José Díaz Valiño.
- **ECONOMIA, RECADACION, E FACENDA.**- D^a. María del Pilar García Porto.
- **GOBERNO INTERIOR.**- D. Miguel Angel Sotuela Vega.
- **XESTION TERRITORIAL.**- D. Manuel Martínez Núñez.
- **DESEÑO E ARTESANÍA.**- D^a. Regina Polín Rodríguez.
- **CULTURA, TURISMO, ENSINO, NORMALIZACION LINGÜÍSTICA E PATRIMONIO HISTORICO.**- D. Mario Outeiro Iglesias.
- **BENESTAR SOCIAL, DEPORTE, IGUALDADE E MOCIDADE.**- D. Antonio Veiga Outeiro.

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Así mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Todo elo sen prexuízo da delegación que o Presidente ten conferida á Xunta de Goberno.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público en cumprimento das disposicións vixentes.

Lugo, oito de xullo de dous mil once.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3479

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día sete de xullo de dous mil once, adoptou os seguintes acordos:

“Proposta en relación co réxime de retribución e indemnización ós membros da Corporación.

Vista a proposta que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no número catro do art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 75 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 225 de la Ley 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno da Corporación Provincial a seguinte proposta de acordo:

A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

1. Presidente: As retribucións, en cómputo anual e cuantía, serán de 63.502,46 euros, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo ao representar á Deputación Provincial, presidir todas as Comisións, Sesións, Xuntas, Comités, etc. E que se considera tamén indispensable a súa non dedicación á calquera outra actividade.

2. Vicepresidentes:

- D. Antonio Veiga Outeiro. A cantidade de 57.518,30 €.
- D^a. Lara Méndez López. A cantidade de 57.518,30 €.

As retribucións serán en cómputo anual, por considerar que as funcións do cargo así o esixen como inherentes ó mesmo, e resultar indispensable a súa non dedicación a calquera outra actividade.

3. Deputados Delegados: Polas responsabilidades que da dirección e xestión dos servizos poidan derivarse, así como pola asistencia ás dependencias provinciais, asistencia ós órganos colexiados, tanto informativos como resolutorios, as seguintes cantidades en cómputo anual:

- D. Juan José Díaz Valiño, Delegado de Cooperación e Asistencia ós Concellos.- En réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 50.391,04 €
- D^a. M^a. del Pilar García Porto. Delegada de Economía, Recadación, e Facenda.- En réxime de dedicación parcial, a cantidade de 25.737,32 €.
- D. Miguel Angel Sotuela Vega.- Delegado de Goberno Interior.- En réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 50.391,04 €.
- D. Manuel Martínez Núñez.- Delegado de Xestión Territorial.- En réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 50.391,04 €.
- D. José Ramón Val Alonso.- Delegado de Economía do coñecemento, emprendedores e innovación. En réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 50.391,04 €.

4. Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva pertencentes a Grupos Políticos.

1.- Ao Grupo Provincial Popular corresponderalle o importe de tres dedicacións exclusivas que ascenden a unha contía total anual de 151.173,12 euros.

2.- Ao Grupo Provincial Socialista corresponderalle o importe de dúas dedicacións exclusivas, que ascenden a unha contía total anual de 101.134,60 euros.

3.- Ao Grupo Provincial do BNG corresponderalle o importe de unha dedicación exclusiva, que ascenden a unha contía total anual de 50.391,04 euros.

As dedicacións exclusivas poderán ser distribuídas na forma que se propoña polo Voceiro do Grupo Político Provincial, de xeito que as dedicacións exclusivas terán un importe de 50.391,04 €, e as dedicacións parciais terán un importe de 25.737,32 €.

B).- As dedicacións exclusivas e parciais terán efectos desde a aceptación por parte do interesado; a excepción da do Ilmo. Sr. Presidente que terá efectos desde a súa toma de posesión o día 22 do pasado mes de xuño.

C).- As cantidades asignadas por dedicación exclusiva e dedicación parcial percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

D).- Estas cantidades serán revisadas automaticamente cada ano, tendo en conta o incremento do IPC.

E).- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Tablón de Editos do Pazo Provincial”.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

PROPOSTA SOBRE DETERMINACION DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL

Vista a proposta que textualmente di o seguinte:

“En relación coa determinación de personal eventual da Excm^a. Deputación Provincial de Lugo, despois de consultados os Grupos Políticos Provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Presidencia eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

1º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Grupo Político, cunha asignación máxima anual de 91.766,92 euros, será o que a continuación se indica:

GRUPO PROVINCIAL POPULAR

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
1	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	30.472,48 €
1	AUXILIAR DE APOIO Ó GRUPO	19.810,42 €	19.810,42 €
3			91.766,92 €

GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
1	ASESOR NIVEL IV	30.472,48 €	30.472,48 €
1	AUXILIAR DE APOIO Ó GRUPO	19.810,42 €	19.810,42 €
3			91.766,92 €

GRUPO PROVINCIAL DO BNG

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
3	ADMINISTRATIVOS/AS DE APOIO Ó GRUPO	23.805,74 €	71.417,22 €
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
4			91.227,74 €

2º.- O número, denominación e retribución do personal eventual da Deputación Provincial de Lugo correspondente a cada Area de Goberno, será o que a continuación se indica:

AREA DE PRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
1	ASESOR/A NIVEL I	50.567,30 €	50.567,30 €
1	ASESOR/A NIVEL II	41.474,02 €	41.474,02 €
3	ASESOR/A NIVEL III	34.527,00 €	103.581,00 €
2	ASESOR/A NIVEL IV	30.482,48 €	60.964,96 €
1	ADMINISTRATIVO/A DE APOIO	23.805,74 €	23.805,74 €
8			280.393,02 €

AREA DE VICEPRESIDENCIA

Nº	Denominación	Retribución anual	TOTAL
4	ADMINISTRATIVOS/AS DE APOIO	23.805,74 €	95.222,96 €
1	AUXILIAR DE APOIO	19.810,42 €	19.810,42 €
5			115.033,38 €

2º.- As retribucións do persoal eventual devengarase desde o momento da aceptación do cargo polo nomeado. E incrementaranse anualmente de forma automática co I.P.C. Sédolles de aplicación así mesmo as prestacións complementarias de que gozan os empregados públicos da Excm. Deputación Provincial de acordo co Convenio Colectivo e Acordo Marco Unico.

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Tablón de Editos do Pazo Provincial".

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

O que se fai público en cumprimento das disposicións vixentes.

Lugo, oito de xullo de dous mil once.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

CONCELLOS**BEGONTE**

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Visto o disposto nos artigos 23 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local , 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, (Aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro),

Pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local , para o suposto da súa creación polo Pleno, aos seguintes concelleiros :

- D. José Antonio Vázquez García.
- D. Luis Luaña Castelo.
- Dna. Ana Lage Cabrero.

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións :

- Desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos ,etc. a partir de 60.000 €.
- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

- Outorgar licenzas, agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ó Concello Pleno e, concretamente: Outorgamento de licenzas urbanísticas , Licenzas de apertura de establecementos públicos non calificados ou inocuos, Licenzas de apertura de Actividades calificadas ou suxeitas á avaliación ambiental, outorgamento de licencias sometidas ó Regulamento de Espectáculos e Establecementos Públicos.....etc, e todo elo agás aquelas licenzas de menor complexidade que non precisen doutros informes sectoriais doutros organismos, a autorización de bailes e verbenas populares, a autorización de lume.....etc.

- Contratación de obras, de concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministracións e servizos, a partir de 60.000 €.
- Aprobación de proxectos técnicos a partir de 60.000 €.
- Aprobación de padróns fiscais e liquidacións tributarias individuais, agás aquelas liquidacións que resulten das licenzas ou outras autorizacións cuxa competencia para outorgalas sexa doutro órgano.

Terceiro.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo. notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Concello Pleno”.

Mándao e asínoa o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a vintetrés de xuño de dous mil once, de todo o cal eu Secretario dou fe.

O Alcalde-presidente. José Ulla Rocha, O Secretario, Antonio Lorenzo Morandeira.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

De conformidade coas atribucións que me están conferidas polo artigo 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 61.3 e 4 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión do goberno municipal, por medio do presente

RESOLVE:

Primeiro.- Sen perxuízo da delegación de atribucións a favor da Xunta de Goberno Local, vense en outorgar a prol dos señores concelleiros que se citan as seguintes delegacións de carácter xenérico:

A prol de D. José Antonio Vazquez García, as das áreas de: Urbanismo Patrimonio e Medio Ambiente.

Nas áreas de referencia a delegación ten como ámbito:

- A dirección e impulso da xestión urbanística.

- Dirección e inspección do servizo de recollida de lixo e tratamento de augas residuais.
- Policía Urbana e Rural.
- Mantemento e protección de parques e xardíns, protección do medio Ambiente.
- Conservación e protección do Patrimonio Público e Monumental Histórico e Artístico.
- Protección civil e prevención e extinción de incendios.

Esta delegación terá asignada unha dedicación ás tarefas propias do cargo de 3 días á semana, en horario de 9h. a 14 h.

A prol de D. Luis Luaña Castelo, as áreas de: Turismo, Emprego, Electrificación e Réxime Interior, comprendendo:

- Delegado Xeral da Alcaldía..
- Réxime interior.
- Promoción do Emprego.
- Promoción turística.

A prol de Dona Ana Lage Cabrero, as áreas de: Educación, Cultura, Deportes .

- Dirección e impulso en materia de Cultura e Deportes.
- Promoción e relación cos movementos asociativos.
- Educación

Esta delegación terá asignada unha dedicación ás tarefas propias do cargo de tres días á semana, en horario de 9 a 14h.

A prol de D. José Manuel Rábade Cacharrón, as áreas de Sanidade e Servizos Sociais, comprendendo:

- Asistencia sanitaria e dirección da Policía Sanitaria.
- Salubridade Pública.
- Defensa do consumidor.
- Servizos sociais.

A prol de Dona Aurora Braña Veiga, as áreas de Muller e familia, comprendendo:

- Programas propios destinados á infancia e terceira idade.
- Programas de apoio a Muller.

A prol de D. Manuel Castro Ferreiro, a área de Medio Rural.

- . Promoción do sector Agrícola e gandeiro.
- Promoción do sector forestal e industrias derivadas do mesmo.

A prol de Don Ramiro Parga Coira, a área de Xuventude .

A Alcaldía asumirá as seguintes :

- . Vías e obras.
- . Servizo de abastecemento de augas.
- . Participación cidadá.

Segundo.- A facultades que se delegan comprenden a dirección, xestión e impulso dos asuntos correspondentes e non inclúen as de dictar resolución ou actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro.- As presentes delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos termos do artigo 114 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Cuarto.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Mándao e asíno, o sr. Alcalde-Presidente en Begonte vintetrés de xuño de dous mil once, de todo o cal eu Secretario dou fe.

O Alcalde-presidente. José Ulla Rocha, O Secretario, Antonio Lorenzo Morandeira.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos Concellos, asumen a misión específica de substituír ao Alcalde nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Así o artigo 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases sobre o réxime local, establece:

"Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este entre os membros da Xunta de Goberno Local".

Vista a norma citada e os artigos 21 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Polo presente, RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros

1º Tenente de Alcalde : D.José Antonio Vázquez García.

2º Tenente de Alcalde : D.Luis Luaña Castelo.

3º Tenente de Alcalde : Dna. Ana Lage Cabrero.

Segundo.- Establecer, aos efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a propia orde do seu nomeamento.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, parágrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

Terceiro.- Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Mándao e asíno o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a vintetrés de xuño de dous mil once, de todo o cal eu Secretario dou fe

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos Concellos, asumen a misión específica de substituír ao Alcalde nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Así o artigo 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases sobre o réxime local, establece:

"Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este entre os membros da Xunta de Goberno Local".

Vista a norma citada e os artigos 21 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Polo presente, RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros

1º Tenente de Alcalde : D.José Antonio Vázquez García.

2º Tenente de Alcalde : D.Luis Luaña Castelo.

3º Tenente de Alcalde : Dna. Ana Lage Cabrero.

Segundo.- Establecer, aos efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a propia orde do seu nomeamento.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, parágrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

Terceiro.- Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Mándao e asíno o sr. Alcalde-Presidente, en Begonte a vintetrés de xuño de dous mil once, de todo o cal eu Secretario dou fe

R. 3408

BURELA

Anuncio

Solicitando desta Alcaldía DONA IRENE GONZÁLEZ CASTRO, con D.N.I. nº. 33.764.303-G, licencia municipal para proceder a instalación dun depósito de G.L.P. aéreo de 2.450 para dar suministro necesario a unha vivenda unifamiliar da súa propiedade, sita na Rúa do Cantiño nº. 43, en Burela, cumprindo o disposto no art. 86.2 da Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coas modificacións introducidas á mesma pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo - que comenará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e da súa publicación no Tabuleiro de Anuncios deste Concello, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.-

Burela, a 1 de xullo de 2011.- O Alcalde, José González Barcia,

R. 3409

FRIOL

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA

Por Resolución da Alcadia, de data catro de xullo do corrente, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2011:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo.
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o un de agosto e o trinta de setembro de dous mil once, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día dous de setembro de dous mil once, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Friol, 6 de xullo de 2011.- O ALCALDE, José Antonio Abuín Villar

R. 3437

CHANTADA

Anuncio

Relación definitiva de aprobados para a praza de conserxe edificios municipais, mediante concurso-oposición libre, publicada no B.O.P. nº 93 de data 26/04/2011.

Don SEGUNDO NAVAZA BLANCO.

O que se publica de acordo con a base oitava da convocatoria

En Chantada, a 5 de xullo de 2011.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3412

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

En cumprimento do dispsoto no artigo 44.2 do ROF, publícase na súa parte dispositiva a resolución de alcaldía de 23/06/2011:

“Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

A) As contratacións e concesións de toda clase, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga o artigo 21.1, letra ñ) da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e da Lei de contratos do sector público.

B) En materia de gastos:

1.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.

Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden con arreglo ás tarifas oficialmente aprobadas.

As cantidades específicas e nominativamente consignadas no Orzamento, a favor das persoas, entidades ou servizos determinados, os intereses e amortizacións de préstamos, así como contratos de transporte a portes debidos.

As anualidades ou mensualidades correspondentes ós contratos de xestión de servizos públicos, contratos de servizos, suministros menores de material de oficina, publicacións, anuncios e outro material non inventariable.

2.- Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno Local.

3.- Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados, agás no supostos de subvención concedidas ás Comisións Organizadoras das festas patronais das parroquias, que se concederán pola alcaldía no mesmo acto de autorización das mesmas

C.- En materia de ingresos:

- 1.- Aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos.
 - 2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.
 - 3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolucións de ingresos indebidos, duplicados etc.
- D) Aprobación da liquidación do orzamento municipal e aprobación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.
- F) Outorgar licenzas, agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ó Concello Pleno e, concretamente, outorgamento de licenzas urbanísticas, licenzas de apertura de establecementos públicos, outorgamento de licenzas sometidas ó Regulamento de espectáculos e establecementos públicos, excepto a autorización de bailes e verbenas populares, autorizacións para ocupación e uso especial de bens de dominio público.
- G) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
- H) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- I) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación.
- K) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.
- L) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos polo artigo 21.1 letra p), de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- M) Todas aquelas que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asigne ó municipio e non atribúan a outros Organos municipais

Segundo.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo e déase conta ó Concello Pleno”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3417

Anuncio

Información pública

De conformidade co previsto no artigo 46.1º do ROF, publícase na súa parte dispositiva a resolución de alcaldía de 20/06/2011:

“Polo presente, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde ós membros da Xunta de Goberno Local, D. José Antonio Rodríguez Guerra, D.ª Ana María de Azevedo Novo e D.ª Victoria Gloria Antas Pérez.

Segundo.- Establecer, ós efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a seguinte orde do seu nomeamento:

1º Tenente de Alcalde, D. José Antonio Rodríguez Guerra. 2º Tenente de Alcalde, D.ª Ana María de Azevedo Novo. 3º Tenente de Alcalde, dona D.ª Victoria Gloria Antas Pérez.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, párrafo 2º do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

Terceiro.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da provincia. Notifíquese ós interesados. Deáselle conta ó Pleno do Concello”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3418

*Anuncio*Información pública

De conformidade co artigo 44.2 do ROF, publícase o decreto de alcaldía de 23 de xuño de 2011 que na súa parte dispositiva di

“Primeiro.- Delegar no Teniente de Alcalde, D. José Antonio Rodríguez Guerra, delegacións en materias de **deportes, medio ambiente, cultura, servizos públicos do Concello**, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Segundo.- Delegar na Tenente de Alcalde, D^a. Ana María de Azevedo Novo, os asuntos relacionados coa **educación, xuventude e maiores, e asuntos sociais**, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Terceiro.- Delegar na Teniente de Alcalde, D.^a Victoria Gloria Antas Pérez, o relacionado coa **dinamización de parroquias**, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Cuarto.- Ó concelleiro, D. Darío Rodríguez Vázquez, delegacións especiais en materia de **medio rural, feiras e mercados**.

Quinto.- Ó concelleiro, D. Jesús Rodríguez Fontao, delegacións especiais en materia de **edificios e instalacións públicas e infraestruturas**.

Sexto.- Os/as Tenentes de Alcalde e concelleiros delegados con cometidos específicos terán os seguintes cometidos:

- a) Dirección e xestión inmediata, vixiancia e inspección de todas as áreas que se lle delegan.
- b) Poñer en coñecemento da alcaldía todas as deficiencias que observen nos servizos que lle estean encomendados para que a alcaldía dite as resolucións pertinentes.
- c) Estudo e propostas de medidas a adoptar para o bo funcionamento dos servizos municipais que se lles delegan.
- d) Informes con propostas de resolución, si o estima conveniente a alcaldía, xunta de goberno local e pleno, por propia iniciativa ou cando lle sexan solicitados en relación coas áreas municipais que lle son delegadas.
- e) A cada delegación que se concede mediante esta resolución poderán ser adscritos outros concelleiros pertencentes ós distintos grupos políticos da Corporación, si se estima convinte.
- f) As delegacións non inclúen as facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Sétimo.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese ó interesado. Déaselle conta ó Pleno do Concello”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3419

*Anuncio*EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS DECLARACIÓNS DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación do Concello de Monterroso, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2011, aprobou os novos modelos de declaracións de intereses e actividades, e de bens patrimoniais dos membros da Corporación aos que se refire o artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que deben inscribirse no Rexistro de causas de posibles incompatibilidades e de actividades e no Rexistro de bens patrimoniais, respectivamente.

Os citados rexistros de intereses atópanse a disposición de calquera cidadán na Secretaría do Concello en horario de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres, sendo o réxime de acceso o seguinte:

“1.- Calquera cidadán a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexe ter acceso ás declaracións, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude que deberá reunir os requisitos que establece o artigo 70 da devandita Lei, con indicación dos datos persoais do membro corporativo sobre cuxa declaración de actividades interesase a consulta. As solicitudes xenéricas de acceso non son admisibles.

2.- Por decreto do Alcalde-Presidente autorízase o acceso sinalándose día e hora para facelo efectivo. O acceso realizase mediante comparecencia do solicitante diante da secretaria ou secretario do Concello que lle exhibirá as declaracións correspondentes. Do decreto daráselle traslado ao Concelleiro/a interesados, para o seu coñecemento.

O réxime de silencio administrativo será o previsto polo artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3420

Anuncio

Información pública

En cumprimento do disposto no artigo 13.3 da LXPAC e 51 do ROF, publícase o acordo do Pleno do Concello en sesión de 30 de xuño de 2011,

“Primeiro.- Delegar na xunta de goberno local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 13.3.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro e no 51.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3421

Anuncio

Información pública

En cumprimento do disposto no artigo 75 da LRBRL, faise público o acordo do Pleno do Concello en sesión celebrada o día 30 de xuño de 2011, que na súa parte dispositiva di:

“Primeiro.- Que sexa desempeñado en réxime de dedicación exclusiva o cargo de concelleiro delegado en materia de medio rural, feiras e mercados.

Segundo.- Fixar para o cargo de concelleiro delegado en materia de medio rural, feiras e mercados unha retribución íntegra mensual de 1.351,00 euros.

Da retribución resultante percibiranse catorce pagas anuais.

A retribución establecida devengarase no presente exercicio, sendo actualizada anualmente, e con efectos do primeiro de xaneiro de cada exercicio, nun importe igual ó que se estableza para os funcionarios municipais.

Nos supostos de incapacidade temporal declarada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, completárase o subsidio que se perciba ata o cen por cen da retribución íntegra mensual, tal e como se vén facendo co persoal funcionario de carreira e laboral do Concello.

As retribucións establecidas devengarase no presente exercicio, sendo actualizadas anualmente, e con efectos do primeiro de xaneiro de cada exercicio, nun importe igual ó que se estableza para os funcionarios municipais.

Terceiro.- Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3422

Anuncio

Información pública

De conformidade con canto se establece polo artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo 225 da LALGA e concordantes do ROF, publícase o acordó do Pleno de 30 de xuño de 2011

“PRIMEIRO.- Establecer con efectos do 1 de xullo de 2011, as seguintes indemnizacións:

1º.- ASISTENCIAS: Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as indemnizacións por sesión seguintes:

- Pleno: 300 euros pola presidencia e 60 euros o resto dos membros.
- Xunta de Goberno Local: 300 euros pola presidencia e 60 euros o resto dos membros.
- Comisión Especial de Contas: 300 euros pola presidencia e 60 euros o resto dos membros.

Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas. En ningún caso, o importe anual das asistencias por presidencia poderá superar os 15.000,00 euros.

2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN: Os señores concelleiros recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, cando a súa residencia estea fixada fora da Vila de Monterroso e empreguen no seu desprazamento vehículo propio, a cantidade de 0,19 euros (dezanove céntimos) por quilómetro percorrido.

Igual indemnización recibirá o alcalde, concelleiros delegados e concelleiros sen delegación, nos supostos de viaxes oficiais, tanto dentro do termo municipal coma fora do mesmo.

3º.- AXUDAS DE CUSTO: Os señores concelleiros e o Alcalde- Presidente recibirán axudas de custo nas seguintes contías.

A.- Por servizos fóra do municipio: Devengarase as establecidas con carácter xeral na lexislación sobre indemnizacións por razón do servizo.

B.- Por servizos no termo municipal: Dentro do termo municipal somentes se devengarán gastos de locomoción por asistencia a sesións e viaxes oficiais, realizado en vehículo propio. Non se devengarán axudas de custo.

SEGUNDO.- A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a.- Gastos de locomoción: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo empregado.

Cando non se empregue vehículo propio abonarase a correspondente factura de Auto-Taxi, ou do medio de transporte empregado

b.- Manutención: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar e servizo ou actividade desenvolvida.

Somentes se terá dereito a comida cando o servizo prestado ou a actividade desenvolvida teña unha duración mínima de cinco horas, con comezo antes das catorce horas e remate despois das dezaseis horas.

c.- Aloxamento e asimilados (teléfono de chamadas oficiais, parking, e desprazamentos sin vehículo propio): Á declaración responsable antes reseñada para devengar dieta por aloxamento, deberá de unirse a correspondente factura do establecemento e, no seu caso, do medio de transporte empregado.

TERCEIRO.- As subvención ós Grupos Políticos Municipais, devengarase na contía seguinte:

Por cada Grupo: 60 euros (sesenta euros)

Por cada Concelleiro: 42 euros (corenta e dous euros)

De conformidade co anterior os Grupos Políticos Municipais recibirán con cargo ó orzamento municipal as seguintes subvencións en cómputo mensual:

Grupo Municipal Socialista: 312 euros por mes (trescentos doce euros)

Grupo Municipal Popular: 228 euros por mes (dous centos vinte e oito euros)

Grupo Municipal Mixto: 102 euros por mes (cento dous euros).

Os Grupos, de conformidade con canto se establece polo artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberán levar unha contabilidade específica destas aportacións, téndoa á disposición do Pleno cando sexa requerida”.

Monterroso, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas

R. 3423

PASTORIZA*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que o Pleno deste Concello, en sesión de data 21 de xuño de 2011, adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe a continuación:

4.- Proposta da alcaldía sobre designación de cargos que se desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva.-

Vista a proposta da alcaldía, de data 15 de xuño de 2011, do seguinte contido literal:

“De conformidade co previsto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo de administración local de Galicia os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso, serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que lles correspondan. A percepción de ditas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades nos termos previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Por decreto de Alcaldía delegáronse varios servizos e funcións na primeira tenente de alcalde. Co obxecto de lograr unha adecuada xestión das competencias delegadas e mellorar, así mesmo, a atención aos intereses municipais, considérase procedente que a primeira tenente de alcalde dona Elva Carrera González desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Por todo o anterior e de conformidade co xa citado artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse ao pleno.

Primeiro.- Recoñecer á tenente de alcalde, dona Elva Carrera González, o réxime de dedicación exclusiva para o exercicio do seu cargo e fixar por tal concepto unhas retribucións de dezaoto mil douscentos euros (18.200,00 €) líquidos anuais, que se aboarán en catorce mensualidades.

Anualmente incrementárase o importe bruto da retribución referida na mesma porcentaxe que o índice de prezos ao consumo.

A retribución excluírá a percepción que se sinale para os membros da corporación por asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

Segundo.- Publicar integramente o acordo plenario no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases de réxime local.”

Logo desta breve deliberación, a Corporación, por maioría de seis votos a favor dos concelleiros do PS. de G.-PSOE e do BNG. e coa abstención dos cinco concelleiros do Partido Popular, acordou aprobar a proposta da alcaldía anteriormente transcrita nos seus propios termos.

Pastoriza, 1 de xullo de 2011.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 3424

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL - COMISARÍA DE AGUAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/00750-1

PETICIONARIO : ZESCHELBI, S.L.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Hotel rústico en San Cosme da Rocha

LOCALIDAD: A Regüela,

TÉR.M. MUNICIPAL: Friol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Parga/Parga

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Hotel rústico en San Cosme da Rocha" - "ZESCHELBI, S.L.", con un volumen máximo anual de 1.444,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Pretratamiento (desarenado)
- Separador grasas.
- Fosa séptica.
- Arqueta toma muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 3429

Anuncio

Expediente: A/27/17960

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 30 de julio de 2010 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Monte Vecinal en Mano Común de Coto das Louseiras, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,01 l/seg. de agua procedente de la fuente denominada Fonte do Rego Salgueiro en Xemil, lugar de A Cabeira, parroquia de Sta. María de Bretoña, T.M. de A Pastoriza (Lugo) para un depósito de incendios.

Lugo, a 4 de Julio de 2011.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 3430

Anuncio

Expediente: A/27/19122

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 20 de mayo de 2011 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a SAT Arealba de Santaballa 1249 Xuga, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,244 l/seg. de agua procedente de un pozo sito en la parcela 774-1 del polígono 8 de la ZCP 2, en el lugar de Trufas, parroquia de Santaballa, T.M. de Vilalba (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, a 4 de Julio de 2011.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 3431
